

Lei 15/1985, do 23 de outubro, de ordenación marisqueira e cultivos mariños

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 373, do 14.2.1985.

Emendas, BOPG núm. 391, do 18.3.1985.

Debate de totalidade, DSPG núm. 108, do 26.3.1985.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 459, do 29.8.1985.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 470, do 20.9.1985.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 470, do 20.9.1985.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 129, do 2.10.1985.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 477, do 5.10.1985.

Diario Oficial de Galicia núm. 236, do 10.12.1985.

Boletín Oficial del Estado núm. 58, do 8.3.1986.

Lei 15/1985, do 23 de outubro, de ordenación marisqueira e cultivos mariños

Esta lei foi derogada pola Lei 6/1993, de pesca de Galicia.

De conformidade cos artigos 148.11 da Constitución e o 27.15 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndenlle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias exclusivas en materia de marisqueo e acuicultura.

En uso de tales atribucións, e dado o interese que ten para Galicia o aproveitamento dos seus recursos naturais e a ocupación do seu potencial humano, procede a promulgación dunha Lei de ordenación marisqueira e cultivos mariños específica para Galicia que contempla as peculiaridades do seu entorno e a estrutura social do seu litoral, así como a riqueza biolóxica de tódalas súas rías.

Por todo o anterior, a presente Lei ten o propósito de ordenar a explotación marisqueira dos nosos bancos naturais, posibilitar a instalación e futura explotación de cultivos mariños, crear postos de traballo que contribúan a absorber os excedentes de frota pesqueira e promover a creación de entidades de carácter asociativo para o aproveitamento da riqueza mariña, así como establece as medidas de comercialización, inspección e vixilancia que son imprescindibles

para a eficacia e mellor desenvolvemento do sector.

Co fin de regular o aproveitamento racional de tódolos recursos mariños renovables no ámbito galego, é necesario refundir nun único texto legal a abundante e dispersa lexislación existente, xa que se trata de materias que pola forma diferenciada da súa práctica ou polas peculiaridades de poboación afectada requiren un tratamento unitario e actualizado, o que, sen dúbida, redundará nun máis completo desenvolvemento dun sector no que a Comunidade Autónoma de Galicia debe atopar claros beneficios económicos e sociais.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do devandito Estatuto e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de ordenación marisqueira e cultivos mariños.

Artigo 1

1. Regúlanse pola presente Lei as actividades marisqueira e de

cultivos mariños no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A regulación das actividades marisqueira e de cultivos mariños ten por obxecto a conservación, fomento e aproveitamento das especies mariñas que, de forma permanente ou transitoria, habitan as augas mariñas de competencia da Comunidade.

Artigo 2

Os efectos da presente Lei, enténdese por:

a) Marisqueo, a actividade extractiva dirixida á captación de moluscos, crustáceos e equinodermos.

b) Banco natural, o lugar onde de forma natural se atopan poboacións de moluscos, crustáceos ou equinodermos que, pola súa importancia, son susceptibles de explotación. Os bancos naturais poderanse clasificar regulamentariamente nas súas diversas categorías por razóns da súa localización, forma de marisqueo e tipo de explotación.

c) Cultivos mariños, a actividade que, por medios técnicos e científicos, se realiza para obter e desenvolver especies mariñas, nas súas diversas fases de desove, pre-engerde e engorde.

Artigo 3

Son establecementos de cultivos mariños os que emprazados en zonas de dominio público ou pri-

vado se dediquen a algunhas das actividades definidas no apartado c) do artigo 2.

1.— Os establecementos de cultivos mariños clasifícanse, por razón da súa natureza ou función, en:

Parque.— O lugar acoutado fixo no que, con bases científicas e procedementos técnicos, se desenvolven os cultivos mariños.

Viveiro.— Instalación ou artefacto fluctuante que soporta os elementos necesarios para realizalo cultivo de especies mariñas, por métodos científicos e técnicos.

Piscifactoría mariña.— Instalación fixa en zona marítimo-terrestre, alimentada directa ou indirectamente por auga de mar e na que, por sistemas técnicos ou científicos, se realiza o cultivo de peixes.

Granxa mariña.— Instalación fixa ubicada na zona marítimo-terrestre onde se realiza o cultivo de especies mariñas, alimentadas directa ou indirectamente por auga do mar.

A clasificación anterior non ten carácter limitativo, podendo admitirse outros tipos de establecementos que regulamentariamente ou por disposición administrativa se definan.

2.— Clasifícanse como establecementos auxiliares, en relación cos cultivos mariños, os seguintes:

Estación depuradora.— Instalación dotada dos medios técnicos

necesarios para conseguir-la eliminación de xermes patóxenos nocivos nas especies mariñas.

Cetárea.— Recinto acoutado, adicado ó mantemento de crustáceos vivos para a súa regulación comercial.

Depósito regulador.— Lugar acoutado, onde se acumulan temporalmente especies mariñas, co fin de regulación comercial.

Unidade de posta inducida (*Hatchery*).— Instalación fixa que, partindo de especies adultas e por medios técnicos e científicos, tenden a obter-la reprodución de calquera especie mariña no seu primeiro ciclo vital.

Criadeiro (*Nursery*).— Instalación fixa que, por medios técnicos e científicos, tende a favorecer-la evolución de especies mariñas no seu ciclo vital primario, antes da súa estabulación en establecementos de cultivo.

A clasificación anterior non ten carácter limitativo, polo que se poden admitir outros tipos de establecementos que regulamentariamente ou por disposición administrativa se definan.

Artigo 4

O exercicio por toda persoa natural ou xurídica das actividades de marisqueo ou cultivos mariños require habilitación administrativa previa, que adoptará as seguintes modalidades:

a) Concesión, cando se outorgue o dereito á ocupación, uso ou disfrute, con carácter privativo e en réxime temporal, de bens de dominio público para a instalación, explotación ou modificación dun establecemento de cultivos mariños ou auxiliares.

b) Autorización, cando se outorgue permiso a título precario para a ocupación ou utilización en réxime de exclusividade de bens de dominio público para o aproveitamento racional de determinadas especies mariñas.

c) Licencia, cando a Administración outorgue a facultade de instalar e explotar os establecementos ou exercita-las actividades de acuicultura en terreos de dominio privado.

Artigo 5

As actividades marisqueiras e de cultivos mariños só poderán ser realizadas por persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española, agás o disposto en convenios internacionais.

Artigo 6

1. Correspóndelle á Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a ordenación marisqueira e dos cultivos mariños, as seguintes atribucións:

a) Outorga-las concesións, autorizacións e licencias.

b) Delimitar reservas en bancos naturais de libre explotación, co fin de conservar, mellorar e propaga-las especies.

c) Fixar tallas e medidas mínimas das especies obxecto desta Lei en consideración ás razóns biolóxicas ou sanitarias das especies que así o requiran.

d) Ordena-los establecementos de cultivos nas zonas de litoral.

e) Propoñer á Xunta de Galicia, previo informe dos órganos e entidades correspondentes, a declaración como zona de interés marisqueiro e de cultivos mariños daquelas que, polas súas condicións óptimas para a produción de especies e para os cultivos mariños, aconsellen unha especial protección.

f) Establecer plans para a explotación racional das especies obxecto desta Lei, en grandes áreas ou zonas de ámbito xeral, provincial ou local.

g) Dictar e establecer normas de policía, vixilancia e inspección para a explotación racional de bancos naturais de aproveitamento libre, de explotación limitada, de establecementos de cultivos mariños ou de calquera outra índole relacionada con estas actividades.

h) Establecer, no seu caso, réximes especiais de explotación marisqueira e cultivos mariños.

i) Regulamenta-las artes, equipos de marisqueo e, en xeral, dicta-las demais normas que se consideren necesarias para o desenvolvemento racional dunha explotación marisqueira e de cultivos mariños, así como adoptar cal-

quera outra resolución non enumerada nos apartados anteriores e que teñen vinculación cos mesmos.

i bis) Investigar e previlas enfermidades das especies mariñas.

1) Dicta-las normas reguladoras das denominacións de orixe.

2. Correspóndelle, así mesmo, á Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación:

a) A inspección técnica dos establecementos adicados a actividades acuícolas, en relación cos seus métodos, instalacións e produción. Esta inspección non exclúe as que, conforme á lexislación vixente, ordenen ós órganos competentes en materia de defensa ecolóxica, saúde pública e sanidade animal.

b) Autorización para introducir ovos, esporas, crías e adultos nas augas da Comunidade Autónoma galega, previos os pertinentes informes científicos.

c) A regulación e control das denominacións de orixe e das transaccións comerciais de produtos marisqueiros e de cultivos efectuados en lonxas ou en postos para tales efectos, así como a inspección das especies, control de vedas e tallas regulamentarias.

3. No exercicio das atribucións anteriores, a Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá consultar ás confradías de

pescadores, cooperativas, asociacións de produtores e outras organizacións do sector, cando pola natureza da materia ou ámbito da súa aplicación resulte aconsellable.

Artigo 7

As instalacións, explotacións e actividades relativas a cultivos mariños requiren a concesión, autorización ou licencia polo órgano competente, de conformidade coas normas regulamentarias establecidas para o seu outorgamento.

Artigo 8

As concesións administrativas outorgaranse por un período máximo de 10 anos, prorrogables a petición do interesado, antes do seu vencemento, por prazos de igual duración ata un total de 50 anos, de conformidade co artigo 53 da Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma.

As autorizacións outorgaranse sempre a título de precario.

As superficies máximas das concesións serán fixadas regulamentariamente e as superficies das autorizacións para a explotación de bancos naturais serán fixadas en función do carácter técnico, social e económico que conorra en cada caso.

Artigo 9

As concesións, autorizacións e licencias caducarán polas seguintes causas:

a) O cesamento de actividades durante un período superior a dous anos.

b) A renuncia do interesado.

c) O vencemento do prazo de outorgamento, sen que se solicita-se e concedese a súa prórroga.

d) O vencemento do prazo concedido para a posta en explotación.

e) O incumprimento das normas que regulan o título da concesión, autorización e licencias.

f) Os danos ecolóxicos notorios, perigos para a saúde pública ou para a navegación ou outros riscos de análogas transcendencias, debido ás instalacións ou ó seu funcionamento.

g) Incumprimento reiterado das normas de extracción, regulación e comercialización.

h) As que se determinan nas normas regulamentarias que desenvolvan esta Lei.

Artigo 10

As confradías de pescadores, cooperativas ou agrupacións de produtores de cultivos mariños formalmente constituídas, terán preferencia no outorgamento de concesións e autorizacións para a instalación e funcionamento de calquera establecemento de cultivos mariños en zonas de dominio público.

Artigo 11

As urbanizacións, edificacións ou establecementos industriais

que se pretendan ubicar en zonas declaradas de interés marisqueiro e cultivos mariños, para a evacuación de augas residuais ou axentes contaminantes nocivos para as especies marisqueiras ou de cultivos, terán de garantir a instalación de sistemas de deputación previamente á súa ubicación, para que os verquidos non prexudiquen as especies marisqueiras.

A Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, determinará, en xeral, as condicións dos verquidos, podendo establecer, a proposta da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, restriccións particulares das zonas declaradas de interés marisqueiro e cultivos mariños.

Artigo 12

A concesión, autorización e licenza para o establecemento de cultivos mariños que requira tomar ou evacuar auga no mar, ou cando para isto sexa preciso atravesar terreos de dominio público, non se outorgará sen a previa ou simultánea autorización para a toma ou evacuación. As modificacións ou ampliacións de establecementos autorizados en terreos de propiedade privada, que requiran tomar ou evacuar auga no mar, someteranse así mesmo á previa ou simultánea autorización.

Artigo 13

As concesións e autorizacións non poderán ser obxecto de allea-

mento *inter vivos*, salvo que este se realice conxuntamente co do establecemento que tales outorgamentos amparan, sempre previa autorización da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, que revestirá as formalidades que en forma regulamentaria se determinen.

As concesións e autorizacións, antes da posta en explotación e, no seu caso, os establecementos que amparan, serán transmisibles *mortis causa* en favor dos habentes causa dos seus titulares, de conformidade co establecido no Código Civil.

Artigo 14

Os establecementos amparados por autorizacións e concesións outorgadas conforme a esta Lei, considéranse indivisibles calquera que sexa a súa dimensión ou capacidade.

Disposición adicional

A fin de facer efectivas as competencias de policía, vixilancia e inspección que se derivan da presente Lei, crearase, conforme ás normas legais que sexan de aplicación no seo da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, un corpo de vixiantes xurados.

Reglamentariamente, fixaranse as condicións de acceso, atribucións e requisitos do devandito corpo.

Disposición transitoria primeira

A presente Lei, en canto se refire ó procedemento dos expedientes iniciados antes da súa entrada en vigor, aplicarase sen retroceder na tramitación dos mesmos.

Disposición transitoria segunda

Ós efectos do establecido no artigo 11 da presente Lei, a Xunta de Galicia procederá á elaboración dun programa de actuación a fin de adapta-los sistemas de evacuación para que non perturben ou contaminen as augas en prexuício de algas, peixes, crustáceos, equinodermos ou moluscos.

Disposición derogatoria

Quedan sen valor nin efecto no territorio da Comunidade Autónoma cantas disposicións se opoñan á presente Lei.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 1985

Gerardo Fernández Albor
Presidente

